

PEZA DO MES


abril

2014



COLECCIÓN DE DEBUXOS
DOAZÓN DE JOSÉ MANUEL VALENCIA SOTELO

XUNTA DE GALICIA



Colección de debuxos. Doazón de José Manuel Valencia Sotelo

A historia do coleccionismo en Galicia, dun xeito global, está por facer. Hai algunhas achegas e estudos referidos a persoas que, como di o profesor Acuña Castroviejo, «co seu esforzo e dedicación conseguiron salvagardar moitas testemuñas da nosa historia, próceres que tiveron un papel importante na recuperación e conservación de numerosos testemuños do pasado –e do presente– e que, grazas á súa preocupación (aos seus desvelos) hoxe podemos contar con elas», referíndose especialmente á importante colección de Ricardo Blanco-Cicerón. No caso ourensán, a parte da colección reunida pola Marquesa Ánxela Santamarina, é fundamental mencionar os membros da Comisión Provincial de Monumentos. A título persoal, son moitos os que participaron do gusto e o esforzo de reunir unha colección propia. O cóengo Sánchez Arteaga foi bibliógrafo, numismático e un gran coleccionista do século XIX, interesando os seus bens á *Sociedad Económica de Amigos del País*, que finalmente non conseguiu recuperar as antigüidades que posuía e a colección espáreseuse. Outro foi Manuel Pereiro Rey, comerciante que ademais foi un gran mecenas para a Comisión, con amplas doazóns de libros e axudas

económicas. Non esquecemos o tamén comerciante Benito Fernández Alonso, a Conde Valvís ou a Torres Tirado, catedrático e pintor e, como non, a Marcelo Macías, cuxo monetario, así coma os bens artísticos e arqueolóxicos que posuía eran moi recoñecidos.

Por outra banda, como ben sinala Francisco Fariña Busto «as coleccións do museo iníciáanse a finais do século XIX da man da Comisión Provincial de Monumentos, como institución encargada de recoller e velar polo patrimonio artístico da provincia. As primeiras noticias aparecen nas propias actas da Comisión e no boletín que edita, onde se recollen datos non só de compras senón tamén de doazóns de particulares, moitas veces vinculados directamente coa Comisión ou con lazos afectivos e culturais co Museo».

No conxunto dos fondos do Museo sobrancea pola significación especial que ten para a cidade de Ourense a doazón que, en 1951, realizou Modesta Parada Justel da obra e recordos persoais do seu irmán Ramón, o célebre pintor ourensán. Tamén destacables son o fondo Pérez Ávila e o legado Parada Carballo, que ingresa grazas á xenerosidade das irmás de José Parada, que en 1972 cumpren o desexo expresado por el de legar toda a colección ao Museo. Nos últimos anos os fondos seguen a incrementarse grazas a doazóns de particulares.

É fundamental salientar o papel das institucións públicas como depositarias do patrimonio cultural, e a súa custodia física e intelectual, que ten como fin último o servizo aos cidadáns, aspecto dentro do que está a difusión. Por outro lado, cómpre impulsar a concienciación das institucións privadas e as persoas físicas sobre o dereito e o deber de participar na conservación do patrimonio cultural que, coa súa xenerosidade e entrega –que debe ser coñecida e estimulada–, acrecentan as coleccións públicas que nos deleitan a todos. Quede pois esta colección de debuxos, unha máis na traxectoria do MAPO, como reflexo dese vínculo entre sociedade e institucións.

Os debuxos estudados corresponden a números non correlativos, que o doador, J. M. Valencia Sotelo, extraeu dun caderno persoal e entregou en 1981 –para que pasaran a formar parte dos fondos do museo– ao entón director Francisco Fariña Busto. Trátase de nove follas de tamaño 21 x 15 cm, suxeitas por dúas argolas a unhas pastas de láminas metálicas. Un índice ao final do caderno recolle o nome dos autores da totalidade dos debuxos, todos eles feitos á tinta con pluma estilográfica.

O debuxo da folla numerada co 1 corresponde a: «Os “carreteiros”. Vicente Risco. Ourense 2 noviembre 1954». Sinxela homenaxe aos homes que cargan os culeiros na vendima.

Co número 3: «Contradicción. E. G. del Valle. Ourense 3-11-54». Nel, Ernesto Gómez del Valle traza unha

árbore e unha sinxela flor en oposición a un vehículo que representa a necesidade do progreso e a destrución que comporta.

No número 4: «*Intichiuma da iauga. Florentino López Cuevillas. Ourense 4 dos Difuntos 1954*». Exclamación poética dun rito totémico referido á auga que rega a nai-terra.

O número 6: «*VFC. Flautista. 8-11-54*». Fermoso debuxo de Virxilio Fernández Cañedo, cheo de lirismo, de trazo groso e simplificado co que representa a figura con coidada estética.

No 7, asinado «*M. Prego. 1954*» a tinta, diluída con auga, ensombrece o rostro dunha velliña encollida e triste, pertencente a ese universo dos humildes de Prego habitado polos nenos, os esmoleiros, os cans e as flores. Con trazo nervioso e efectista compón un retrato tenro, cheo de intimismo.

No número 11: «*A. Failde. 1954*» o escultor debuxa unha maternidade rotunda de grandes volumes. A tinta negra repásase nas zonas de sombra con tons azuis para remarcar esa pesadez, coma se o autor tratara con isto de conseguir a tridimensionalidade que o papel lle impide dar a esa nai que sostén o seu fillo no colo, poderosa e tenra.

O debuxo da folia 15 asinado: «*Camilo José Cela. Santiago de Compostela. San Antonio, 1957*» lévanos lonxe do «Hotel Parque» ata a capital de Galicia, onde Valencia engade ao seu caderno unha ilustración leda da caricatura dun burro case lorquiana.

No debuxo número 16, asinado: «*5 abril 1960. José Luis López Cid*» o escritor, home culto, que percorreu o mundo tras as súas inquietudes pero con Ourense no corazón, debuxa un anaquiño da cidade: o «chambo» a praciña onde se cambiaban os cromos os domingos pola mañá, co antigo Seminario –despois casa sacerdotal– e a igrexa de Santa Eufemia ao fondo.

Pecha a serie, co número 17 a exclamación: «*¡Gracias Valencia! J. Conde 60*» que acompaña un expresivo apuntamento da Praza do Ferro coa casa dos Boán de fondo e a fonte en primeiro termo, protagonista e fermosa. Pepe Conde Corbal sintetiza a realidade con gran dinamismo neste debuxo, similar aos que realiza nos anos 60 para a serie «*El Orense perdurable*» de *La Región*, con textos de Vicente Risco.

José Manuel Valencia Sotelo, «Memel», naceu na ourensá rúa de Santo Domingo o 26 de febreiro de 1922. Estudou no *Instituto Nacional de Segunda Enseñanza*, tendo como compañeiros a Segundo Alvarado e Luis Varela, cos que mantería fonda amizade ao longo da súa vida. Militou dende novo na *Falange*. Como funcionario de Sindicatos exerceu en distintos postos, destacando o de *Jefe Provincial de Información y Publicaciones Sindicales* e o de *Director*

del *Servicio Provincial de Colocación* e dirixiu varios boletíns sindicais, como os titulados «*Quehacer*» ou «*Surco*». Foi profesor de Capacitación Sindical no *Taller Escuela Sindical de Formación Profesional* «12 de Octubre» onde fixo amizade con Acisclo Manzano. Era, en palabras do seu fillo Juan Ramón Valencia Calvillo, «*honrado, íntegro, un cabaleiro*».

Home inqueda, mergullouse no mundo do periodismo, escribindo artigos para a «*Hoja del Lunes*», que se publicaba para descanso do diario *La Región*, cunha colaboración semanal co título de «*Orense, entre el Puente y la Burga*». Tamén colaborou en programas radiofónicos con Horacio Gómez e López Morais e expuxo en varias ocasións, xunto cos filatélicos ourensáns a súa magnífica colección de bitolas, nesa época tan apreciadas. Asistía a conferencias e cantos actos culturais se celebraban e gustáballe completar a súa biblioteca persoal con libros asinados polos autores e esta afección pode ser a orixe deste caderniño de debuxos feitos de xeito espontáneo mentres mantiña o faladoiro cos «do Parque» e que lle asinaban os seus amigos. Todos os días se reunían, á hora do café, no primeiro andar do «Hotel Parque» –ao carón do Parque de San Lázaro– rexentado por Ernesto Gómez del Valle, profesor da Escola de Comercio e bo crítico de arte, que abofé serviu de aglutinador dese conxunto variopinto de personalidades.

Cóntanos Acisclo Manzano, recordando eses faladoiros que uns, coma o periodista Arturo Lezcano «Ruco», o profesor Acuña, Pepe Conde Corbal, Ánxel Huete, Xaquín Lorenzo «Xocas», Ferro Couselo, Baltar, De Dios, Virxilio, Antonio Failde, Tomás Bóveda (mestre e pintor, sobriño de Blanco Amor), Julio López Cid, ao que acumaban o «bigotes» e o seu irmán e o propio Valencia, xogaban ás cartas ou ao dominó. Máis sisudas parecían as partidas de xadrez de Luis Trabazo, Prego de Oliver e Anselmo López Morais. Non faltaban á conversa o escritor Julio Gimeno, Segundo Alvarado, Antón Tovar, Julito Losada, Quique Ortiz, Rodríguez Peña, Augusto Valencia, Souto e Carlos Casares. E mentres, Risco, que non xogaba, conversaba cuns e outros.

Esta colección non deixa de ser unha anécdota, pero reflicte a ilusión con que alguén recolleu un instante de conversa transformado en bosquejo, desa charla diaria co amigo escritor, arqueólogo, pintor, escultor... ao que admiraba e quería. Un xeito de gardar para sí un anaquiño dese talento e que con humilde xenerosidade se desprendeu del para que fose compartido con todo os ourensáns neste espazo da cultura que é o museo.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓGICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956



Museo Arqueolóxico





galicia



XUNTA
DE GALICIA





PEZA DO MES. ABRIL 2014

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



galicia



XUNTA
DE GALICIA